

## **Acordo de 25 de marzo, de Consello de Goberno, de creación do Departamento de Medicina da Universidade da Coruña e modificación dos departamentos de Ciencias da Saúde e de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas**

### **Antecedentes**

**1º.** O 20 de xaneiro de 2026 asinouse o Convenio entre a Consellería de Sanidade, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a descentralización da docencia do Grao en Medicina. En virtude de dito convenio, nos vindeiros anos, e conforme ao calendario recollido no seu anexo II, impartirase nos hospitais universitarios vinculados a cada Universidade a docencia de 4º, 5º e 6º do Grao en Medicina da USC, manténdose a participación no rotatorio do resto dos hospitais públicos galegos e outros centros das respectivas áreas sanitarias.

Nos hospitais universitarios CHUAC e CHUVI crearase unha unidade docente, que acollerá a profesorado tanto da Universidade a que estea vinculado o hospital (UDC e UVigo, respectivamente) como da USC. Ditas unidades docentes organizarán as ensinanzas e realizarán a coordinación cos correspondentes departamentos implicados na docencia, para garantir que os criterios de ensinanza e avaliación sexan semellantes en todos os casos. Así mesmo, velarán pola igualdade de condicións do profesorado que as integran.

**2º.** Por Resolución reitoral de 19 de febreiro de 2026, iniciouse o procedemento de creación do Departamento de Medicina da Universidade da Coruña e modificación dos departamentos de Ciencias da Saúde e de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas (anexo 1).

**3º.** Conforme ao disposto no artigo 21 dos Estatutos, abriuse un período de información pública mediante un anuncio publicado no TEO, de posta a disposición do expediente ás persoas interesadas para formular achegas ou aportar documentación (anexo 2).

Neste período de información pública presentáronse as seguintes alegacións:

- María del Carmen Arufe Gonda (PDI) solicita que a denominación do novo departamento sexa “Medicina e Ciencias Biomédicas” por entender que é unha denominación máis inclusiva.
- Javier Pereira Loureiro (PDI) advirte de erros materiais na memoria xustificativa: na relación de membros por áreas de coñecemento, na área 10 - Radioloxía e Medicina Física, son doutores Patricia Concheiro e Xoán Miguéns.

**4º.** A Resolución reitoral, acompañada da memoria xustificativa esixida no artigo 21.3 dos Estatutos, foi remitida ás direccións dos departamentos de Ciencias da Saúde e de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas.

- A Directora do Departamento de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas remitiu a esta Secretaría Xeral o acordo do Consello de Departamento de 26 de febreiro de 2026 no que se inclúen dúas alegacións, unha relativa ao título da Resolución reitoral e outra a un parágrafo da memoria (anexo 3).
- A Directora do Departamento de Ciencias da Saúde remitiu o acordo do Consello de Departamento e 4 de marzo de 2026, no que se inclúen cinco consideracións de diversa índole (anexo 4).

**5º.** O 10 de marzo de 2026, celebrouse por Teams unha reunión convocada pola Vicerreitora de Profesorado coa finalidade de informar sobre o procedemento de creación do Departamento de Medicina.

### Consideracións xurídicas

**1ª.** Os vixentes Estatutos da UDC regulan os departamentos no Capítulo IV do Título I (artigos 19 a 22). O artigo 19 regula a natureza dos departamentos sinalando o seguinte:

- 1. Os departamentos son as unidades de docencia encargadas de coordinar o profesorado que imparte as ensinanzas dunha ou varias áreas de coñecemento nun ou varios centros, de acordo coa programación docente da Universidade.*
- 2. Os departamentos constituiranse por áreas de coñecemento, agruparán o profesorado que se encargue da súa docencia e adscribiranse aos centros onde desenvolvan maioritariamente a súa docencia.*
- 3. En ningún caso unha área de coñecemento poderá estar dividida en dous ou máis departamentos.*

O artigo 21 regula a creación, modificación e supresión dos departamentos nos seguintes termos:

- 1. Crear, modificar e suprimir os departamentos correspóndelle ao Consello de Goberno.*
- 2. O procedemento iniciarase de oficio, por propia iniciativa ou por petición razoada do departamento afectado.*
- 3. A proposta debe ir acompañada dunha memoria xustificativa. Para os crear e modificar, esta memoria incluírá, como mínimo, as áreas ou especialidades de coñecemento, a xustificación académica dos obxectivos docentes e o plan económico e os medios persoais e materiais.*
- 4. A proposta someterase a un período de información pública.*
- 5. O acordo para os crear, modificar ou suprimir requirirá do voto favorable da maioría absoluta das persoas que integran o Consello de Goberno.*
- 6. A adscrición de cada departamento a un centro será realizada polo Consello de Goberno, por proposta do departamento interesado, co informe previo do centro ou dos centros afectados.*

**2ª.** No período de información pública recibíronse dúas achegas.

Unha delas pon de manifesto dous erros na memoria xustificativa (anexo 1) referido á área de coñecemento “Radioloxía e Medicina Física”, na que dúas persoas deben figurar como doutoras. Procédese á comprobación e actualízase a memoria.

A segunda alegación refírese ao nome do Departamento, na que se solicita que sexa Departamento de Medicina e Ciencias Biomédicas. Considérase que neste momento, e dada a finalidade coa que se crea o departamento, convén restrinxir o nome a Departamento de Medicina.

**3ª.** As consideracións dos Consellos de Departamento serán incorporadas ao acordo final na parte que se refire á memoria xustificativa, de xeito que se substitúe un parágrafo no que se especificaba a que obedece a creación do Departamento de Medicina por outro máis claro, equilibrado, respectuoso e preciso.

Onde di: “A creación do Departamento de Medicina responde á necesidade de dispor dun instrumento eficaz para a organización docente das titulacións do ámbito de Ciencias da Saúde da Universidade da Coruña e da docencia do grao en Medicina ...”

Debe dicir: “A creación do Departamento de Medicina responde á necesidade de dispor dun instrumento eficaz para a organización da docencia do grao en Medicina ...”.

Tómanse en consideración as restantes observacións, baixo o convencemento de que a proposta organizativa será positiva para a impartición do Grao en Medicina e inocua para as áreas afectadas.

Polo exposto, o **CONSELLO DE GOBERNO**, na súa sesión de **25/03/2026**, adoptou os seguintes acordos:

**1º.** Créase o Departamento de Medicina da UDC, para dispor dun instrumento eficaz para a organización da docencia do grao en Medicina conforme ao establecido no Convenio entre a Consellería de Sanidade, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a descentralización da docencia do grao en Medicina.

O agrupamento nun único e mesmo Departamento de todas as especialidades de coñecemento das ciencias médicas e biomédicas permitirá realizar unha mellor planificación docente, crear sinerxías entre as diferentes especialidades que o compoñen e consolidar a súa proxección académica e social.

**2º.** Consonte o establecido no artigo 19 do Decreto 94/2025, do 6 de outubro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña (DOG nº 207, de 27 de outubro de 2025), as funcións do Departamento de Medicina serán as que se relacionan a seguir, sempre referidas ás áreas de coñecemento que o integrarán:

- a) Participar na elaboración dos plans de estudo e dos plans de organización docente, que inclúan materias da súa competencia, nas condicións que regulamentariamente se determinen.
- b) Asignarlle ao profesorado a docencia das materias dentro da súa área ou especialidade de coñecemento, de acordo cos criterios que estableza o Consello de Goberno.
- c) Elaborar e propoñer, para a súa aprobación pola Xunta de centro, as guías docentes das distintas materias que imparta o departamento, que incluirán, entre outras cuestións, a programación das materias, as metodoloxías docentes e os criterios de avaliación que se van empregar no proceso de ensino-aprendizaxe.
- d) Emitir un informe sobre as modificacións que lles afecten na relación de postos de traballo do profesorado, así como sobre as necesidades de contratación deste.
- e) Participar nos procedementos de selección do profesorado adscrito ao departamento e nos procesos de promoción interna, nos termos que estableza a normativa vixente.
- f) Supervisar, en colaboración cos centros, o cumprimento das obrigas docentes do profesorado adscrito ao departamento, conforme á normativa que estableza o Consello de Goberno.
- g) Participar nos procesos de avaliación da calidade institucional e a promoción activa da mellora da calidade e da acreditación das súas actividades docentes.
- h) Coñecer e apoiar as iniciativas docentes do seu profesorado, promover a comunicación e a colaboración entre eles e entre os distintos ámbitos de coñecemento, de ser o caso, e con outras universidades para asegurar o acceso equitativo aos medios de que dispoña o departamento, así como o seu óptimo aproveitamento.

- i) Impulsar a renovación pedagóxica do seu profesorado.
- j) Xestionar os recursos que se lles asignen para cumprir as súas funcións e administrar os medios persoais que teñan asignados.
- k) Calquera outra que lles atribúa a lexislación vixente, os Estatutos da Universidade da Coruña ou as súas normas de desenvolvemento.

**3º.** O Departamento de Medicina estará integrado polas seguintes áreas de coñecemento:

- 1) Anatomía e embrioloxía humana
- 2) Cirurxía
- 3) Farmacoloxía
- 4) Fisioloxía
- 5) Historia da ciencia
- 6) Medicina
- 7) Medicina preventiva e saúde pública
- 8) Otorrinolaringoloxía
- 9) Psiquiatría
- 10) Radioloxía e medicina física

**4º.** O Consello de Departamento de Medicina, conforme ao establecido no artigo 120 do Decreto 94/2025, do 6 de outubro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña (DOG nº 207 de 27 de outubro de 2025) estará composto por:

- a) profesorado funcionario e o profesorado permanente laboral integrado no departamento, que suporá o cincuenta e un por cento (51 %) do número total do Consello.
- b) resto de profesorado integrado no departamento, nunha proporción do once por cento (11%) do número total do Consello.
- c) estudantado do centro nunha proporción do vinte e oito (28 %) do número total de persoas que integran o Consello, elixidas por/entre o estudantado do centro e da Escola Internacional de Doutoramento.
- d) persoal técnico, de xestión e de administración e servizos nunha proporción do dez por cento (10 %) do número total do Consello.

**5º.** Todo o profesorado das citadas áreas estará integrado no departamento (anexo 5). Co persoal docente e investigador existente na actualidade, o Departamento contará cun total de 49 membros: 8 Catedráticos/as de Universidade (2 prazas vinculadas), 14 Titulares de Universidade (4 prazas vinculadas), 4 Catedráticos/as de Escola Universitaria (1 praza vinculada), 1 Titular de Escola Universitaria, 2 Profesores/as Contratados/as Doutores/as, 4 Profesores/as Axudantes Doutores/as, 8 Profesores/as Asociados/as, 2 Profesores Asociados de Ciencias da Saúde, 1 Profesora Interina de Escola Oficial de Náutica, 3 contratados con cargo ao programa Ramón y Cajal, 1 contratada predoutoral da Xunta de Galicia, 1 contratado posdoutoral da Xunta de Galicia.

As persoas propostas nos concursos pendentes de resolución das áreas de coñecemento citadas anteriormente incorporaranse ao Departamento de Medicina. Igualmente formará parte do Departamento o persoal docente e investigador das áreas ou especialidades de coñecemento médicas ou biomédicas que se incorpore á Universidade da Coruña no futuro.

**6º.** A creación do Departamento de Medicina conlevará a dotación dunha estrutura de dirección, en concreto, das figuras de director/a do Departamento de Medicina e de secretario/a do mesmo, que percibirán os correspondentes complementos retributivos.

**7º.** O Reitor nomeará a un director/a en funcións do Departamento de Medicina, que desenvolverá o seu labor durante o tempo imprescindible para escoller a dirección conforme ao procedemento establecido nos Estatutos e no Regulamento Electoral Xeral.

**8º.** A Facultade de Ciencias da Saúde será a responsable de asignar o espazo e de dotar os medios materiais necesarios para que o equipo directivo do Departamento poida desenvolver as súas funcións.

O apoio administrativo necesario para o funcionamento do Departamento será proporcionado pola UXAI de Oza.

**9º.** Modifícase o Departamento de Ciencias da Saúde, que quedará integrado polas seguintes áreas: Enfermaría, Enfermaría (Podoloxía) e Enfermaría (Terapia Ocupacional).

**10º.** Modifícase o Departamento de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas, que pasará a denominarse Departamento de Fisioterapia e estará integrado pola área de Fisioterapia.

Na data de sinatura dixital.

O reitor

Ricardo J. Cao Abad

## Resolución reitoral do 19 de febreiro pola que se inicia o procedemento de creación do Departamento de Medicina da Universidade da Coruña e modificación dos departamentos de Ciencias da Saúde e de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas

### Antecedentes:

1º. O pasado 20 de xaneiro de 2026 asinouse o Convenio entre a Consellería de Sanidade, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a descentralización da docencia do Grao en Medicina. En virtude de dito convenio, nos vindeiros anos, e conforme ao calendario recollido no seu anexo II, impartirase nos hospitais universitarios vinculados a cada Universidade a docencia de 4º, 5º e 6º do Grao en Medicina da USC, manténdose a participación no rotatorio do resto dos hospitais públicos galegos e outros centros das respectivas áreas sanitarias.

Nos hospitais universitarios CHUAC e CHUVI crearase unha unidade docente, que acollerá a profesorado tanto da Universidade a que estea vinculado o hospital (UDC e UVigo, respectivamente) como da USC. Ditas unidades docentes organizarán as ensinanzas e realizarán a coordinación cos correspondentes departamentos implicados na docencia, para garantir que os criterios de ensinanza e avaliación sexan semellantes en todos os casos. Así mesmo, velarán pola igualdade de condicións do profesorado que as integran.

2º. Para favorecer unha mellor coordinación coa unidade docente que se creará no CHUAC, e polas razóns que se expoñen na memoria xustificativa que se inclúe como ANEXO, considérase conveniente e adecuada a creación do Departamento de Medicina da UDC.

### Marco legal:

Os vixentes Estatutos da UDC regulan os departamentos no Capítulo IV do Título I (artigos 19 a 22).

O artigo 19 dos Estatutos da UDC regula a natureza dos departamentos sinalando o seguinte:

- 1. Os departamentos son as unidades de docencia encargadas de coordinar o profesorado que imparte as ensinanzas dunha ou varias áreas de coñecemento nun ou varios centros, de acordo coa programación docente da Universidade.*
- 2. Os departamentos constituiranse por áreas de coñecemento, agruparán o profesorado que se encargue da súa docencia e adscribiranse aos centros onde desenvolvan maioritariamente a súa docencia.*
- 3. En ningún caso unha área de coñecemento poderá estar dividida en dous ou máis departamentos.*

O artigo 21 regula a creación, modificación e supresión dos departamentos nos seguintes termos:

Código Seguro De Verificación	0H0rumrFX3ivpfpM7uJKiA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/02/2026 13:21:07
Observacións		Páxina	1/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0H0rumrFX3ivpfpM7uJKiA%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/0H0rumrFX3ivpfpM7uJKiA%3D%3D</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



1. *Crear, modificar e suprimir os departamentos correspóndelle ao Consello de Goberno.*
2. *O procedemento iniciarase de oficio, por propia iniciativa ou por petición razoada do departamento afectado.*
3. *A proposta debe ir acompañada dunha memoria xustificativa. Para os crear e modificar, esta memoria incluírá, como mínimo, as áreas ou especialidades de coñecemento, a xustificación académica dos obxectivos docentes e o plan económico e os medios persoais e materiais.*
4. *A proposta someterase a un período de información pública.*
5. *O acordo para os crear, modificar ou suprimir requirirá do voto favorable da maioría absoluta das persoas que integran o Consello de Goberno.*
6. *A adscrición de cada departamento a un centro será realizada polo Consello de Goberno, por proposta do departamento interesado, co informe previo do centro ou dos centros afectados.*

Polo exposto, **RESOLVO:**

**1º.** Iniciar de oficio o procedemento de creación do Departamento de Medicina da UDC e modificación dos Departamentos afectados.

**2º.** Abrir un período de información pública, cun prazo de vinte días hábiles para facer alegacións ou achegas, para o que se exporá o expediente no espazo habilitado no sitio web da Secretaría Xeral:

[https://www.udc.es/gl/goberno/equipo\\_reitoral/secretaria/informacion-publica/](https://www.udc.es/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/informacion-publica/)

**3º.** Notificar esta resolución ás direccións do Departamento de Ciencias da Saúde e do Departamento de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas, co fin de que podan facer alegacións ou aportar a documentación que consideren conveniente, nun prazo de dez días hábiles a partir do día seguinte ao da recepción da notificación.

Na data de sinatura dixital.

O reitor

Ricardo J. Cao Abad

Código Seguro De Verificación	0H0rumrFX3ivpfpM7uJKiA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/02/2026 13:21:07
Observacións		Páxina	2/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0H0rumrFX3ivpfpM7uJKiA%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/0H0rumrFX3ivpfpM7uJKiA%3D%3D</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



## ANEXO

## MEMORIA XUSTIFICATIVA DA CREACIÓN DO DEPARTAMENTO DE MEDICINA DA UDC

A presente memoria recolle os aspectos principais da constitución na Universidade da Coruña do departamento de Medicina, que se adscribirá á Facultade de Ciencias da Saúde.

**1. Xustificación**

A creación do Departamento de Medicina responde á necesidade de dispor dun instrumento eficaz para a organización docente das titulacións do ámbito de Ciencias da Saúde da Universidade da Coruña e da docencia do grao en Medicina conforme ao establecido no Convenio entre a Consellería de Sanidade, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a descentralización da docencia do grao en Medicina.

O agrupamento nun único e mesmo Departamento de todas as especialidades de coñecemento das ciencias médicas e biomédicas permitirá realizar unha mellor planificación docente, crear sinerxías entre as diferentes especialidades que o compoñen e consolidar a súa proxección académica e social.

Consonte o establecido no artigo 19 do Decreto 94/2025, do 6 de outubro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña (DOG nº 207, de 27 de outubro de 2025), as funcións do Departamento de Medicina serán as que se relacionan a seguir, sempre referidas ás áreas de coñecemento que o integrarán, recollidas no punto 2 da presente memoria:

- a) Participar na elaboración dos plans de estudo e dos plans de organización docente, que inclúan materias da súa competencia, nas condicións que regulamentariamente se determinen.
- b) Asignarlle ao profesorado a docencia das materias dentro da súa área ou especialidade de coñecemento, de acordo cos criterios que estableza o Consello de Goberno.
- c) Elaborar e propoñer, para a súa aprobación pola Xunta de centro, as guías docentes das distintas materias que imparta o departamento, que incluírán, entre outras cuestións, a programación das materias, as metodoloxías docentes e os criterios de avaliación que se van empregar no proceso de ensino-aprendizaxe.
- d) Emitir un informe sobre as modificacións que lles afecten na relación de postos de traballo do profesorado, así como sobre as necesidades de contratación deste.
- e) Participar nos procedementos de selección do profesorado adscrito ao departamento e nos procesos de promoción interna, nos termos que estableza a normativa vixente.
- f) Supervisar, en colaboración cos centros, o cumprimento das obrigas docentes do profesorado adscrito ao departamento, conforme á normativa que estableza o Consello de Goberno.
- g) Participar nos procesos de avaliación da calidade institucional e a promoción activa da mellora da calidade e da acreditación das súas actividades docentes.
- h) Coñecer e apoiar as iniciativas docentes do seu profesorado, promover a comunicación e a colaboración entre eles e entre os distintos ámbitos de coñecemento, de ser o caso, e con outras universidades para asegurar o acceso

Código Seguro De Verificación	0H0rumrFX3ivpfmP7uJKiA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/02/2026 13:21:07
Observacións		Páxina	3/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0H0rumrFX3ivpfmP7uJKiA%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/0H0rumrFX3ivpfmP7uJKiA%3D%3D</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



equitativo aos medios de que dispoña o departamento, así como o seu óptimo aproveitamento.

- i) Impulsar a renovación pedagóxica do seu profesorado.
- j) Xestionar os recursos que se lles asignen para cumprir as súas funcións e administrar os medios persoais que teñan asignados.
- k) Calquera outra que lles atribúa a lexislación vixente, os Estatutos da Universidade da Coruña ou as súas normas de desenvolvemento.

## 2. Composición

O Departamento de Medicina estará composto polas áreas de coñecemento de:

- 1) Anatomía e embrioloxía humana
- 2) Cirurxía
- 3) Farmacoloxía
- 4) Fisioloxía
- 5) Historia da ciencia
- 6) Medicina
- 7) Medicina preventiva e saúde pública
- 8) Otorrinolaringoloxía
- 9) Psiquiatría
- 10) Radioloxía e medicina física

Todo o profesorado das citadas áreas estará integrado no departamento. A relación de membros a 18 de febreiro de 2025 figura no anexo desta memoria.

Co persoal docente e investigador existente na actualidade, o Departamento contará cun total de 49 membros: 8 Catedráticos/as de Universidade (2 prazas vinculadas), 14 Titulares de Universidade (4 prazas vinculadas), 4 Catedráticos/as de Escola Universitaria (1 praza vinculada), 1 Titular de Escola Universitaria, 1 Profesora Permanente Laboral, 2 Profesores/as Contratados/as Doutores/as, 3 Axudantes Doutores/as, 8 asociados/as, 2 profesores asociados de Ciencias da Saúde, 1 Profesora Interina de Escola Oficial de Náutica, 3 contratados con cargo ao programa Ramón y Cajal, 1 contratada predoutoral da Xunta de Galicia, 1 contratado posdoutoral da Xunta de Galicia.

As persoas propostas nos concursos pendentes de resolución das áreas de coñecemento citadas anteriormente incorporárase ao Departamento de Medicina. Igualmente formará parte do Departamento o persoal docente e investigador das áreas ou especialidades de coñecemento médicas ou biomédicas que se incorpore á Universidade da Coruña no futuro.

O Consello de Departamento de Medicina, conforme ao establecido no artigo 120 do Decreto 94/2025, do 6 de outubro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña (DOG nº 207 de 27 de outubro de 2025) estará composto por:

- a) profesorado funcionario e o profesorado permanente laboral integrado no departamento, que suporá o cincuenta e un por cento (51 %) do número total do Consello.
- b) resto de profesorado integrado no departamento, nunha proporción do once por cento (11%) do número total do Consello.

Código Seguro De Verificación	0H0rumrFX3ivpfpM7uJKiA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/02/2026 13:21:07
Observacións		Páxina	4/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0H0rumrFX3ivpfpM7uJKiA%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/0H0rumrFX3ivpfpM7uJKiA%3D%3D</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- c) estudiantado do centro nunha proporción do vinte e oito (28 %) do número total de persoas que integran o Consello, elixidas por/entre o estudiantado do centro e da Escola Internacional de Doutoramento.
- d) persoal técnico, de xestión e de administración e servizos nunha proporción do dez por cento (10 %) do número total do Consello.

### 3. Plan económico

A creación do citado departamento conlevará a dotación dunha estrutura de dirección, en concreto, das figuras de director/a do Departamento de Medicina e de secretario/a do mesmo, que percibirán os correspondentes complementos retributivos.

O custo anual será dun total de 8.387,06 €: 5.454,60 € correspondentes á dirección e 2.932,46 € á secretaría coas retribucións actualizadas segundo o establecido no Real Decreto-lei 14/2025 de 2 de decembro.

### 4. Medios persoais e materiais

A Facultade de Ciencias da Saúde será a responsábel de asignar o espazo e de dotar os medios materiais necesarios para que o equipo directivo do Departamento poida desenvolver as súas funcións.

O apoio administrativo necesario para o funcionamento do Departamento será proporcionado pola UXAI de Oza.

Código Seguro De Verificación	0H0rumrFX3ivpfpM7uJKiA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/02/2026 13:21:07
Observacións		Páxina	5/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0H0rumrFX3ivpfpM7uJKiA%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/0H0rumrFX3ivpfpM7uJKiA%3D%3D</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



**Anexo da memoria**
**Persoal docente e investigador adscrito ao Departamento de Medicina por especialidades de coñecemento**
**1. Anatomía e embrioloxía humana**

Nome	Categoría	Dedicación	
Agrasar Cruz, Carlos María Camilo	TIT-UN	TC	Doutora
Arufe Gonda, María del Carmen	TIT-UN	TC	Doutora
De Toro Santos, Francisco Javier	CAT-EU	TC	Doutor
Díaz Prado, Silvia María	CAT-UN	TC	Doutora
Facio Villanueva, Ángel José	ASOC-3	P6	Doutor
Fafián Labora, Juan Antonio	PR-RC	B80	Doutor
Fernández Fernández, Esther Carmen	TIT-EU	TC	Doutora
Fuentes Boquete, Isaac Manuel	TIT-UN	TC	Doutor

**2. Cirurxía**

Nome	Categoría	Dedicación	
Jorge Mora, Alberto Agustín	ASOC-3	P3	Doutor
Reimunde Figueira, Pedro Marcos	ASOC-3	P3	Doutor

**3. Farmacoloxía**

Nome	Categoría	Dedicación	
De Dios Romero, Serafín	ASOC-3	P3	
Núñez Fernández, Lucía	TIT-UN	TC	Doutora

<b>Código Seguro De Verificación</b>	0H0rumrFX3ivpfmP7uJKiA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/02/2026 13:21:07
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	6/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0H0rumrFX3ivpfmP7uJKiA%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/0H0rumrFX3ivpfmP7uJKiA%3D%3D</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



#### 4. Fisioloxía

Nome	Categoría	Dedicación	
Cordido Carballido, Fernando Pedro	CAT-UN	TC	Doutor
Cudeiro Mazaira, Francisco Javier	CAT-UN	TC	Doutor
De Labra Pinedo, Carmen	TIT-UN	TC	Doutora
Mariño Alfonso, Jorge	PC-DR	TC	Doutor
Pardo Vázquez, José Luis	PR-RC	B80	Doutor
Rivadulla Fernández, Juan Casto	CAT-UN	TC	Doutor
Sangiao Alvarellos, Susana	TIT-UN	TC	Doutora
Varela Fernández, Luis	PR-RC	B100	Doutor

#### 5. Historia da ciencia

Nome	Categoría	Dedicación	
Sobrido Prieto, María	PC-DR	TC	Doutora

#### 6. Medicina

Nome	Categoría	Dedicación	
Balo García, Aránzazu	AXU-DR-LOSU	TC	Doutora
Blanco García, Francisco Javier	CAT-UN	TC	Doutor
Bou Arevalo, Germán	TIT-UN	TC	Doutor
Castellanos Rodrigo, María del Mar	TIT-UN	TC	Doutora
Crespo Leiro, María Generosa	TIT-UN	TC	Doutora
Lorenzo López, Laura	TIT-UN	TC	Doutora
Maseda Rodríguez, Ana Belén	TIT-UN	TC	Doutora

<b>Código Seguro De Verificación</b>	0H0rumrFX3ivpfp7uJKiA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/02/2026 13:21:07
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	7/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0H0rumrFX3ivpfp7uJKiA%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/0H0rumrFX3ivpfp7uJKiA%3D%3D</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Millán Calenti, José Carlos Jesús	CAT-UN	TC	Doutor
Pérez Fontán, Miguel	TIT-UN	TC	Doutor
Vilariño Vilariño, María Isabel	TIT-UN	TC	Doutora

### 7. Medicina preventiva e saúde pública

Nome	Categoría	Dedicación	
Bouza Prego, María Ángeles	PRO-MC	TC	Doutora
Estévez Fernández, Ana Belén	PC-PD	B60	
Muñiz García, Javier	CAT-UN	TC	Doutor
Pértega Díaz, Sonia	PPL-LOSU	TC	Doutora
Saleta Canosa, Jesús Luís	ASOC-3	P6	Doutor
Seoane Pillado, María Teresa	TIT-UN	TC	Doutora

### 8. Otorrinolaringoloxía

Nome	Categoría	Dedicación	
López Amado, Manuel	PACS	P3	Doutor
Vázquez Barro, Juan Carlos	PACS	P3	Doutor

### 9. Psiquiatría

Nome	Categoría	Dedicación	
González-Abraldes Iglesias, Isabel	AXU-DR-LOSU	TC	Doutor

<b>Código Seguro De Verificación</b>	0H0rumrFX3ivpfmP7uJKiA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/02/2026 13:21:07
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	8/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0H0rumrFX3ivpfmP7uJKiA%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/0H0rumrFX3ivpfmP7uJKiA%3D%3D</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



**10. Radioloxía e medicina física**

Nome	Categoría	Dedicación	
Concheiro Moscoso, Patricia	PR-PX-XUF	B30	
Lodeiro Fernández, Leire	AXU-DR	TC	Doutora
Meijide Faiñde, Rosa María	CAT-EU	TC	Doutora
Miguéns Vázquez, Xoán	ASOC-3	P4	
Montoto Marqués, Antonio	ASOC-3	P3	Doutor
Pereira Loureiro, Javier	CAT-UN	TC	Doutor
Rodríguez Sotillo, Antonio	ASOC-3	P3	
Rodríguez Villamil Fernández, José Luís	CAT-EU	TC	Doutor
Santos Del Riego, Sergio Eduardo	CAT-EU	TC	Doutor

<b>Código Seguro De Verificación</b>	0H0rumrFX3ivpfpM7uJKiA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/02/2026 13:21:07
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	9/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0H0rumrFX3ivpfpM7uJKiA%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/0H0rumrFX3ivpfpM7uJKiA%3D%3D</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



### Anuncio de información pública

Mediante **resolución reitoral de 19 de febreiro de 2026**, o reitor resolveu iniciar o procedemento de creación do Departamento de Medicina da UDC e abrir un período de información pública de vinte días hábiles.

Para os ditos efectos, o expediente estará a disposición das persoas interesadas no espazo habilitado no sitio web da Secretaría Xeral:

[https://www.udc.es/gl/goberno/equipo\\_reitoral/secretaria/informacion-publica/](https://www.udc.es/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/informacion-publica/)

Ás persoas que desexen formular achegas ou aportar documentación poderán facelo a través do formulario que se pon a disposición no sitio web ata o **23 de marzo de 2026**.

A secretaria xeral

Marta García Pérez

## ANEXO

### MEMORIA XUSTIFICATIVA DA CREACIÓN DO DEPARTAMENTO DE MEDICINA DA UDC

[Conforme ao previsto nos Estatutos, esta memoria incluírá, como mínimo, as áreas ou especialidades de coñecemento, a xustificación académica dos obxectivos docentes e o plan económico e os medios persoais e materiais]



**Prezada Secretaria Xeral**

Reunido o Consello de Departamento de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas, na súa sesión ordinaria do 26 de febreiro de 2026, unha vez informado o pleno sobre a *Resolución reitoral do 19 de febreiro pola que se inicia o procedemento de creación do Departamento de Medicina da Universidade da Coruña e modificación dos departamentos de Ciencias da Saúde e de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas*, **acordou por unanimidade**, facer as seguintes **alegacions** ao texto da devandita resolución:

1. O título da resolución reitoral non reflicte fidedignamente o contido da mesma. No título menciónase expresamente a *“modificación dos departamentos de Ciencias da Saúde e de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas”*. Porén, o contido da memoria fai referencia exclusivamente á creación do novo Departamento de Medicina, á súa estrutura, composición, facultade de adscrición, plan económico e medios materiais. En ningún punto da resolución reitoral se mencionan os departamentos que se verán modificados, polo que semella pertinente realizar este axuste no título da resolución. A proposta de modificación do título é a que segue: *Resolución reitoral do 19 de febreiro pola que se inicia o procedemento de creación do Departamento de Medicina da Universidade da Coruña*.
2. Na memoria xustificativa que se achega como anexo, no segundo parágrafo, indícase que *“a creación do Departamento de Medicina responde á necesidade de dispor dun instrumento eficaz para a organización docente das titulacións do ámbito de Ciencias da Saúde da Universidade da Coruña e da docencia do Grao en Medicina [...]”*. O redactado considerase inoportuno. As estruturas departamentais, pasadas e presentes, da Universidade da Coruña, teñen demostrado, ao longo do tempo, unha solvencia, eficacia e eficiencia excelentes na organización das titulacións de Ciencias da Saúde desde a década dos 90, como son mostra os Graos (anteriormente diplomaturas) en Fisioterapia, Enfermaría, Podoloxía e Terapia Ocupacional, así como os distintos mestrados deste ámbito.

Xa que logo, a xustificación da creación dun novo Departamento de Medicina debería, en todo caso, circunscribirse á organización dos estudos de Medicina, tanto no seu ciclo clínico como no eventual desenvolvemento do Grao en Medicina na universidade. Prégase consideren corrixir a redacción desta frase para que resulte máis precisa, equilibrada e respectuosa coa traxectoria existente. A proposta é a que segue: *A creación do Departamento de Medicina responde á necesidade de dispor dun instrumento eficaz para a organización da docencia do grao en Medicina conforme ao establecido no Convenio entre a Consellería de Sanidade, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a descentralización da docencia do grao en Medicina*.

Sen otro particular, reciba un cordial saúdo

Prof.a. Dra. Ana Lista Paz

Directora do Departamento de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas

<b>Código Seguro De Verificación</b>	0zfH9pj0x3VcB7gg3i7TbA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	DIRECTOR/A DEPARTAMENTO FISIOTERAPIA, MEDICINA E CIENCIAS BIOMÉDICAS - Ana Lista Paz	Asinado	02/03/2026 20:51:51
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	1/1
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0zfH9pj0x3VcB7gg3i7TbA%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/0zfH9pj0x3VcB7gg3i7TbA%3D%3D</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





### Prezada Secretaria Xeral

Reunido o Consello de Departamento de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas, na súa sesión ordinaria do 26 de febreiro de 2026, unha vez informado o pleno sobre a *Resolución reitoral do 19 de febreiro pola que se inicia o procedemento de creación do Departamento de Medicina da Universidade da Coruña e modificación dos departamentos de Ciencias da Saúde e de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas*, **acordou por unanimidade**, facer as seguintes **alegacións** ao texto da devandita resolución:

1. O título da resolución reitoral non reflicte fidedignamente o contido da mesma. No título menciónase expresamente a *“modificación dos departamentos de Ciencias da Saúde e de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas”*. Porén, o contido da memoria fai referencia exclusivamente á creación do novo Departamento de Medicina, á súa estrutura, composición, facultade de adscrición, plan económico e medios materiais. En ningún punto da resolución reitoral se mencionan os departamentos que se verán modificados, polo que semella pertinente realizar este axuste no título da resolución. A proposta de modificación do título é a que segue: *Resolución reitoral do 19 de febreiro pola que se inicia o procedemento de creación do Departamento de Medicina da Universidade da Coruña*.
2. Na memoria xustificativa que se achega como anexo, no segundo parágrafo, indícase que *“a creación do Departamento de Medicina responde á necesidade de dispor dun instrumento eficaz para a organización docente das titulacións do ámbito de Ciencias da Saúde da Universidade da Coruña e da docencia do Grao en Medicina [...]”*. O redactado considerase inoportuno. As estruturas departamentais, pasadas e presentes, da Universidade da Coruña, teñen demostrado, ao longo do tempo, unha solvencia, eficacia e eficiencia excelentes na organización das titulacións de Ciencias da Saúde desde a década dos 90, como son mostra os Graos (anteriormente diplomaturas) en Fisioterapia, Enfermaría, Podoloxía e Terapia Ocupacional, así como os distintos mestrados deste ámbito.

Xa que logo, a xustificación da creación dun novo Departamento de Medicina debería, en todo caso, circunscribirse á organización dos estudos de Medicina, tanto no seu ciclo clínico como no eventual desenvolvemento do Grao en Medicina na universidade. Prégase consideren corrixir a redacción desta frase para que resulte máis precisa, equilibrada e respectuosa coa traxectoria existente. A proposta é a que segue: *A creación do Departamento de Medicina responde á necesidade de dispor dun instrumento eficaz para a organización da docencia do grao en Medicina conforme ao establecido no Convenio entre a Consellería de Sanidade, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a descentralización da docencia do grao en Medicina*.

Sen otro particular, reciba un cordial saúdo

Prof.a. Dra. Ana Lista Paz

Directora do Departamento de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas

Código Seguro De Verificación	0zfH9pj0x3VcB7gg3i7TbA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	DIRECTOR/A DEPARTAMENTO FISIOTERAPIA, MEDICINA E CIENCIAS BIOMÉDICAS - Ana Lista Paz	Asinado	02/03/2026 20:51:51
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0zfH9pj0x3VcB7gg3i7TbA%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/0zfH9pj0x3VcB7gg3i7TbA%3D%3D</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



**Persoal docente e investigador adscrito ao Departamento de Medicina por especialidades de coñecemento****1. Anatomía e embrioloxía humana**

Nome	Categoría	Dedicación	
Agrasar Cruz, Carlos María Camilo	TIT-UN	TC	Doutora
Arufe Gonda, María del Carmen	TIT-UN	TC	Doutora
De Toro Santos, Francisco Javier	CAT-EU	TC	Doutor
Díaz Prado, Silvia María	CAT-UN	TC	Doutora
Facio Villanueva, Ángel José	ASOC-3	P6	Doutor
Fafián Labora, Juan Antonio	PR-RC	B80	Doutor
Fernández Fernández, Esther Carmen	TIT-EU	TC	Doutora
Fuentes Boquete, Isaac Manuel	TIT-UN	TC	Doutor

**2. Cirurxía**

Nome	Categoría	Dedicación	
Jorge Mora, Alberto Agustín	ASOC-3	P3	Doutor
Reimunde Figueira, Pedro Marcos	ASOC-3	P3	Doutor

**3. Farmacoloxía**

Nome	Categoría	Dedicación	
De Dios Romero, Serafín	ASOC-3	P3	
Núñez Fernández, Lucía	TIT-UN	TC	Doutora



#### 4. Fisioloxía

Nome	Categoría	Dedicación	
Cordido Carballido, Fernando Pedro	CAT-UN	TC	Doutor
Cudeiro Mazaira, Francisco Javier	CAT-UN	TC	Doutor
De Labra Pinedo, Carmen	TIT-UN	TC	Doutora
Mariño Alfonso, Jorge	PC-DR	TC	Doutor
Pardo Vázquez, José Luis	PR-RC	B80	Doutor
Rivadulla Fernández, Juan Casto	CAT-UN	TC	Doutor
Sangiao Alvarellos, Susana	TIT-UN	TC	Doutora
Varela Fernández, Luis	PR-RC	B100	Doutor

#### 5. Historia da ciencia

Nome	Categoría	Dedicación	
Sobrido Prieto, María	PC-DR	TC	Doutora

#### 6. Medicina

Nome	Categoría	Dedicación	
Balo García, Aránzazu	AXU-DR-LOSU	TC	Doutora
Blanco García, Francisco Javier	CAT-UN	TC	Doutor
Bou Arevalo, Germán	TIT-UN	TC	Doutor
Castellanos Rodrigo, María del Mar	TIT-UN	TC	Doutora
Crespo Leiro, María Generosa	TIT-UN	TC	Doutora
Lorenzo López, Laura	TIT-UN	TC	Doutora



Maseda Rodríguez, Ana Belén	TIT-UN	TC	Doutora
Millán Calenti, José Carlos Jesús	CAT-UN	TC	Doutor
Pérez Fontán, Miguel	TIT-UN	TC	Doutor
Vilariño Vilariño, María Isabel	TIT-UN	TC	Doutora

### 7. Medicina preventiva e saúde pública

Nome	Categoría	Dedicación	
Bouza Prego, María Ángeles	PRO-MC	TC	Doutora
Estévez Fernández, Ana Belén	PC-PD	B60	
Muñiz García, Javier	CAT-UN	TC	Doutor
Pértega Díaz, Sonia	AXU-DR	TC	Doutora
Saleta Canosa, Jesús Luís	ASOC-3	P6	Doutor
Seoane Pillado, María Teresa	PPL-LOSU	TC	Doutora

### 8. Otorrinolaringoloxía

Nome	Categoría	Dedicación	
López Amado, Manuel	PACS	P3	Doutor
Vázquez Barro, Juan Carlos	PACS	P3	Doutor

### 9. Psiquiatría

Nome	Categoría	Dedicación	
González-Abraldes Iglesias, Isabel	AXU-DR-LOSU	TC	Doutor

**10. Radioloxía e medicina física**

Nome	Categoría	Dedicación	
Concheiro Moscoso, Patricia	PR-PX-XUF	B30	
Lodeiro Fernández, Leire	AXU-DR	TC	Doutora
Meijide Faílde, Rosa María	CAT-EU	TC	Doutora
Miguéns Vázquez, Xoán	ASOC-3	P4	
Montoto Marqués, Antonio	ASOC-3	P3	Doutor
Pereira Loureiro, Javier	CAT-UN	TC	Doutor
Rodríguez Sotillo, Antonio	ASOC-3	P3	
Rodríguez Villamil Fernández, José Luís	CAT-EU	TC	Doutor
Santos Del Riego, Sergio Eduardo	CAT-EU	TC	Doutor